

No se devuelven  
originales, aunque  
no se publiquen

# EL FRANCO

Pagos adelantados.  
Suscripción:  
1'50 Pts. trimestre

Periódico quincenal independiente — Director propietario: Francisco Rey Fernández

Fundado por Francisco Rey Fernández y Amancio Rey Fernández  
en Junio de 1931

REDACCION: Calle del periódico EL FRANCO Barrio del Campo  
La Caridad

## EL DISCURSO DE LARGO CABALLERO EN MADRID

Posición en la República del partido socialista, contra el cual se ha hecho la crisis y se conjuran las fuerzas reaccionarias

Los trabajadores deben defender lo conseguido, sin olvidar un momento que su misión dentro del régimen capitalista es hacer la revolución social.—Antes que el fascismo, la anarquía y el caos

### La verdad política de nuestro país

Ya estamos sin la responsabilidad del Poder, ya estamos reintegrados completamente a la lucha obrera de una manera directa. Yo, por mi parte—y digo por

por el advenimiento de los radicales se se extiende por España:

¿Como y por que fueron los socialistas a la revolución?

Dicho esto yo tengo que hacer observar que lo que voy a manifestar des

tenimiento de la República española, por que no volviera a suceder en España lo que ocurrió con la primera República. En España no había partidos organizados, no existía con organización mas que el Partido Socialista y la Unión General

*Nel Houcha d'esta vez, volvemos sacar á lluz máis cousas escritas na nosa fala alló polos primeiros anos del siglo. Como xa poden ir vendo esa "tollura" d'escribir nos periódicos na mesma fala qu'usan os llectores xa se yes ocurrira a outros "tollos" hai muitos anos antias qu'á nosa revista.*

**P**epe de Mingo é el alcuño qu'usaba pra escribir Conrado Villar Loza (Taramunde 1873-Tapia 1962), un home polifacético y polémico unde los haxa. Despóis de volver d'América, unde trabayara de llibreiro y empezara a colaborar en periódicos da emigración, establecéu se en Tapia y tuvo de corresponsal pra un feixao de periódicos da zona en diferentes etapas hasta a guerra civil y tamén despóis.

Home d'ideas lliberales y republicanas dedicaba as súas enerxías a botar contra os conservadores del chamao *Partido Veyo*. Eran tan subidos de calificativos os sous trabayos periodísticos qu'hasta ye costóu el peche del periódico por orde gubernativa en dalgúa ocasión. Esa furia llevábala ás veces a amarrarse en persona cos caciques locales ou cos sous seguidores, cousa que ye trouxo dalgús días de prisión en Uviéu. A xente que lo conocéu cunta que foi él el protagonista del último dolo con pistolas del occidente asturiano, que nun

é moca de candil. Tamén era aficionao al teatro y dirixía actuacións y veladas poéticas. Foi él el autor da primeira obra de teatro escrita en gallego-asturiano, *Un feixe de tapiogadas*, publicada en 1922.

Él avezaba a escribir as súas crónicas en castellano aunque sempre metía parrafadas en gallego-asturiano. Dalgús veces escribíalas dafeito na súa fala, unde mezcraba a fala de Tapia con dalgús chiscaduras del sou sito de nacementa, Taramunde. Aquí brindamos parte d'un artículo de política municipal publicao en agosto de 1933 nel periódico d'ideas socialistas *El franco*, da Caridá, unde fala de xornales sin pagar a un secretario, qu'apellidaba Argiz, por culpa dos cambios de réxime político dentro del Ayuntamiento.

Copiámolo de pe a pa tal como lo escribiu él —ou yo compuxo el tipógrafo— pero nun publicamos a segunda parte del artículo porque había cachos del periódico cumidos pola poliya que nun se podían ller.



Pepe de Mingo

## Máis faraguyas con leite

Y del asunto chamado d'Argiz, ¿qu'hay de novo?

N'unha d'as últimas sesiois del Ayuntamiento leo el alcalde a os demáis concejales un informe dado por el abogado del Estado sobr'ese asunto.

Y despóis d'acabar de ler, y crendo q'había descuberto el nacimiento d'as augas del Figo, dixó:

«Os trámites d'esta costión siguen os seus pasos legales».

Porqu'esto d'Argiz, si ben e verdá que se ye

## El houcha

ven chamando costión ou asunto, non merece tal chamada.

E unha maldá premeditada con todas as da ley.

Nosoutros non afirmamos nin negamos que señan *sete mil y pico pesetas* as que teña derecho.

Ou si son *treinta y tres mil quinientas setenta y tres pesetas y sesenta y tres céntimos*, qu'é a cantidá qu'aquel reclama.

Pero a verdá é, qu'a Corporación municipal qu'había cando a ditadura de Berenguer, y que tamén presidía el actual presidente, reconeceu en sesión pública al ex secretario Argiz as *treinta y tres mil y pico pesetas del ala*.

Y este reconocimiento, esteña ben ou mal feito, non foi obra de virtú.

Foi unha obra de maldá basada n'a crencia de qu'os paganos iban a ser os concejales d'a ditadura de Primo de Rivera.

Pero coyeuyes el dedo a porta.

El cuitelo co el que quixeron pinchar a os d'enfrente, volveuseyes de punta.

Y ahora esbabáyanse botando por a boca sapos y colobras contra Argiz.

Y s'al fin d'a xornada resultase condenado el Ayuntamiento, ¿quén vay a pagar os vidrios rotos?

El concejo non pode ser.

Os paganos n'este caso, deben ser sólo os qu'enmarañaron a madeixa d'esta maldá [...]

PEPE DE MINGO

---

Na foto pódese ver unha chea del Río Suarón qu'houbo na Veiga a empezos d'esta centuria. A xente, dende riba d'unde ta hoi El Pontigo de Ganso, mira cómo el auga lo enche todo. Al fondo, vese el río, qu'antano iba por unde vai hoi a carretera xeneral e qu'agora ta canalizado por detrás da Igresia Parroquial.

Os ríos son como as arterias da nosa vida e a súa auga é un elemento imprescindible pral progreso pro, ás veces, como pasa col Suarón, son úa amenaza que, de ralo en ralo, enfádase e leva por delante todo lo qu'encontra, como pasóu coa gran chea del 13 y 14 de setembre de 1969 que, a parte dos destrozos qu'ocasionóu nel comercio, desfixo a Casa de Cultura, que daquela taba nel Campo del Medal.

Hoi, tando como tamos chegando a os empezos del siglo XXI, todos os veigueños esperamos e queremos que casos como el da foto ou el que pasóu en 1969, que cuase todos conocemos ou sintimos falar d'elo, pol noso ben non volvan darse.

É esperanzadora a noticia de que, d'aquí a pouco, hase a enanchar el calce del río al paso pola Veiga pr'aforrar de que volvan pasar cheas como esas.

✦ Neno de Marcos

